

ACTA NÚM. 08 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 10 DE ABRIL DE 2019.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:38 horas** do día **10 de abril de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona M^a José Castro Carballal
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

D. Juan Ramón González Carnero, **interventor xeral do Concello**.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela**.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 21 e extraordinaria do 30, ambas de marzo de 2019.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12. Antigo Colexio Manuel Peleteiro.**
- 4. Aprobación definitiva do estudo de detalle do ámbito 01 do ARI de Vite. Grupo de vivendas Nosa Señora de Belén.**
- 5. Aprobación definitiva do estudo de detalle do ámbito 03 do ARI de Vite. Zona 03A: rúa de Carlos Maside. Zona 03B: rúa dos Irmandiños.**
- 6. Aprobación definitiva do estudo de detalle das parcelas B4b01d e B4b01e do parque empresarial da Sionlla.**
- 7. Dar conta de resolución da concellaría delegada de economía e facenda, de rectificación de erro material na aplicación orzamentaria que financia o expediente de crédito extraordinario 2019-CREXT-02.**
- 8. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 9. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogo:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2019, núm. 73.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2019, núm. 74.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2019, núm. 75.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2019, núm. 76.

Interpelación:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de abril de 2019, núm. 77.

10. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 4 de abril de 2019, núm. 78 presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a conmemoración dos 40 anos das primeiras eleccións democráticas.

Rexistro de entrada do día 4 de abril de 2019, núm. 79 presentada polo grupo municipal do BNG, para expresar a solidariedade ao persoal da sanidade que secundará a folga do 9 ao 12 de abril.

Antes de dar comezo á sesión plenaria gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións, pola orde que se reflexan:

En primeiro lugar, Dona Ines Jurgo, en relación a un rogo presentado polo grupo municipal do Partido Popular, sobre o incremento da vixilancia para o control de ruídos e consumo de alcohol nas rúas do Ensanche.

Incorpórase á sesión durante a primeira das intervencións o concelleiro, Don Rafael Peña.

Seguidamente, Dona Paula Sánchez, en representación da Asociación Em-Rede, Rede de Iniciativas Empresariais de Santiago e Comarca.

E para rematar as intervencións, Don Delmiro Prieto González, en representación da Funcación Santiago Centro, Área Comercial, con relación ao punto que figura na orde do día da sesión, solar do antigo colexio Manuel Peleteiro.

A continuación, procédese á votación para a inclusión na orde do día da devandita sesión, previa declaración de urxencia, dos puntos que a continuación se sinalan e que serán tratados antes do punto de rogos e preguntas.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda incluír por urxencia, os seguintes asuntos:

9. Modificacións na relación de bens e titulares do proxecto técnico de expropiacións da estación intermodal (1ª fase).

10. Proposta de modificación da ordenanza 3.16, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

11. Proposta da concelleira delegada de economía, facenda e administración de aprobación do expediente de reasignación da finalidade de préstamos (préstamos formalizados en 2017 e 2018) asignados a varios proxectos de gasto (2017 2 EDUSI 6 e 2017 2 EDUSI 8) para o financiamento da achega municipal da anualidade 2019 do proxecto de gasto 2019 2 EDUSI 2 relativo á actuación incluída na EDUSI coa denominación “reurbanización da rúa Clara Campoamor”.

12. Proposta da concelleira delegada de economía, facenda e administración de aprobación do expediente de suplemento de crédito co núm. 2019-suple-02, por importe de 503.764,06 euros para atender gastos devengados no exercicio 2018 con documentos xustificativos presentados formalmente no exercicio 2019, financiado con baixas por anulación.

13. Proposta da concelleira delegada de economía, facenda e administración de aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2019-CREXT-04, por importe de 206.976,23 euros para atender gastos devengados no exercicio 2018 (certificacións de obra) con conformidade administrativa no exercicio 2019, financiado con baixas por anulación.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 21 E EXTRAORDINARIA DO 30, AMBAS DE MARZO DE 2019.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 21 de marzo e extraordinaria do día 30, ambas do corrente ano.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO PERI-12. ANTIGO COLEXIO MANUEL PELETEIRO.

O informe e proposta da xefa de sección de xestión urbanística e do concelleiro da área, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, de data 18 de marzo do corrente ano, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“O proxecto fórmulase polos Servizos Técnicos de Planeamento a resultas do acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 18 de maio de 2017, sobre suspensión previa de licenzas no ámbito do PERI-12.

O ámbito da actuación correspóndese cos terreos ocupados polas antigas instalacións do colexio Manuel Peleteiro -hoxe trasladado a outro emprazamento-, na confluencia das rúas de San Pedro de Mezonzo e da República Arxentina.

O ámbito ten una superficie total de 5.303,75 m², e figura integrado por tres parcelas catastrais:

7169315NH3476G0001XM (SAREB S.A)

7169316NH3476G0001IM (Concello de Santiago)

7169317NH3476G0001JM (SAREB S.A.)

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado nos anos 2007 e 2008, establece, na disposición final 3ª da súa normativa, o seguinte:

A ordenación establecida nas Modificacións puntuais para a creación das novas ordenanzas especiais, OE-5, OE-6, OE-7, aprobadas definitivamente en datas 16.7.01, 26.7.02 e 29.6.00 respectivamente regularanse segundo as súas determinacións. O Plan xeral remítese ás citadas modificacións. Para a súa ordenación volumétrica redactarase un Estudo de detalle coas características que se establecen nas presentes Normas.

No caso da Modificación puntual para a creación da Ordenanza especial OE-4 aprobada definitivamente en data 30.06.03 estarase á ordenación definida no PERI-12, aprobado definitivamente o 19.04.05, que o Plan xeral incorpora como determinacións propias en solo urbano.

As determinacións incorporadas, segundo a OE-4, son as seguintes:

-Edificabilidade máxima: 23.500 m² construídos.

-Usos:

Comercial e restauración-ocio (Máximo 12.000, mínimo 10.000 m²c)

Hoteleiro e/ou residencial comunitario (máximo 7.000 m²c)

Vivenda (Máximo 4.500, 45 vivendas)

Oficinas

Dotacional (asistencial, docente, sanitario, recreativo, sociocultural, deportivo)

Garaxe-aparcadoiro (mínimo 400 prazas)

-Dotacións públicas:

Espazo libre público de 1.395 m² de superficie

Equipamento comunitario público de 900 m² construídos (en planta baixa ou primeira da nova edificación), sen computar edificabilidade.

As condicións de ordenación volumétrica, emprazamento e configuración das parcelas edificables e espazos de cesión son as que se definen no Plan especial de reforma interior (PERI-12) aprobado definitivamente o 19.04.2005.

2. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO VIXENTE

Para a execución da ordenación prevista polo planeamento urbanístico aprobouse pola Xunta de Goberno Local, con data 26 de decembro de 2005, o Proxecto de compensación do PERI-12, que adxudicou novas parcelas de uso lucrativo, e supuxo as seguintes cesións ao Concello de Santiago:

-Espazo libre público de 1.395 m² de superficie.

-Compensación económica substitutiva da cesión do 10%, por importe de 2.586.431,66 euros¹ (aboada polos anteriores propietarios en xullo de 2006).

-Obriga de construír un local de 900 m² construídos na futura edificación, acondicionado para uso de equipamento sociocultural.

A plena vixencia das determinacións do planeamento incorporado ao PXOM resultou confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo Tribunal Supremo en distintas resolucións xudiciais ditadas nos anos 2014 e 2016, as cales figuran incorporadas como anexo á presente Modificación.

3. SITUACIÓN XUDICIAL

Tanto a Modificación do Plan xeral para a creación da ordenanza especial OE-4 - aprobada definitivamente o 30.06.2003-, como o Plan especial de reforma interior PERI-12 -aprobado definitivamente o 19.04.2005- foron obxecto de distintas sentenzas que declararon a súa nulidade, por distintos motivos.

Non entanto o anterior, resolucións xudiciais posteriores declararon non haber lugar á executabilidade das sentenzas anulatorias, con base en dous argumentos principais:

- A existencia dun proxecto de compensación non impugnado e por tanto non anulado, cos efectos que isto supón dende a perspectiva do artigo 73.1 da LXCA.

- A non impugnación del nuevo PGOM de 2007, en el que precisamente se incorpora la ordenación definida en el PERI 12, aprobado el 19.4.05, como determinaciones propias en suelo urbano, nuevo planeamiento no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume y lo que a su vez conduce a la instada declaración de inejecutabilidad.

Polo tanto, a día de hoxe, a situación xudicial pode resumirse en dous puntos:

- Existen dúas sentenzas xudiciais firmes do Tribunal Supremo (de datas 16 de febreiro de 10 de maio de 2012) que xustifican a categorización dos terreos como **solo urbano consolidado**

- Resolucións xudiciais posteriores -ditadas en sucesivos incidentes de execución- confirman a vixencia das determinacións de ordenación detallada establecidas na OE-4 e no PERI-12 -dada a súa incorporación ao PXOM vixente- así como o **mantemento das cesións urbanísticas** xa consolidadas pola firmeza do proxecto de compensación do PERI-12 aprobado o 26.12.2005.

4. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

No acordo municipal de data 18 de maio de 2017 sinálase a aparición de novas necesidades de interese público que aconsellan revisar a ordenación urbanística vixente, como deseguido se transcribe:

(...)

No momento en que se aprobaron os citados instrumentos de planeamento, nos anos 2003 e 2005, a Administración municipal estimou conveniente para revitalizar o Ensanche a implantación nesta zona dun centro de actividades múltiples, de uso predominantemente terciario e comercial, que favorecese a dinamización social e económica da zona.

No momento actual, sen embargo, cómpre considerar a presenza de centros comerciais noutras zonas máis periféricas da cidade (Cancelas, Área Central), e a necesidade de favorecer o pequeno comercio local no centro urbano.

Dende esta perspectiva, e aproveitando a experiencia desenvolvida noutras cidades, parece aconsellable substituír a idea dun gran centro comercial pola doutros formatos máis respectuosos coa estrutura comercial tradicional dos centros urbanos, na que o pequeno comercio poida convivir con outros contedores que actúen a modo de “locomotora” ou dinamizador da actividade comercial da zona.

Por outra banda, cómpre tamén reconsiderar a implantación dun volume menos agresivo e máis integrado ou coherente cos edificios xa existentes no contorno, de conformidade cos criterios que establece o artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Ás razóns sinaladas, convén engadir outros argumentos, relacionados coa seguridade xurídica, xa que o Plan xeral vixente incorpora as determinacións dun planeamento que deveu xudicialmente anulado, se ben o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a inexecutabilidade das sentenzas anulatorias e a vixencia do novo planeamento “no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume”

Con todo, e considerando o tempo transcorrido dende a aprobación do planeamento incorporado, e a aparición de novas necesidades urbanísticas, parece conveniente que o planificador analice as diferentes posibilidades de ordenación do ámbito no novo marco xurídico-urbanístico e no actual contexto socioeconómico da cidade.

No Borrador do plan elaborado pola Sección de Planeamento en marzo de 2018 describíanse os obxectivos a acadar coa nova ordenación, podendo resumirse como segue:

- Evitar a creación dunha grande superficie comercial no Ensanche, procurando unha nova distribución e regulación dos usos autorizables, asimilable á da ordenanza 1 da zona, coas seguintes particularidades:

O uso comercial admítase unicamente na categoría 2ª.

Establécese unha reserva mínima do 20% da edificación residencial destinada a vivenda de protección.

Destinaranse 900 m²c á implantación dun equipamento público, en planta baixa ou baixa e primeira.

- Ordenar a distribución do volume edificable de forma máis acorde co existente no contorno, segundo os criterios sinalados polo artigo 104.1 do Regulamento da lei do solo de Galicia.

- Manter as cesións xa consolidadas no proceso de equidistribución aprobado, polo menos en canto á súa extensión (en m² de solo ou de superficie construída), sen prexuízo de realizar os axustes precisos no seu emprazamento concreto, delimitación e configuración.

Para a consecución destes obxectivos, analizáronse no Documento ambiental estratéxico distintas alternativas de ordenación, propoñéndose a selección da alternativa 2, que

supón a prolongación das aliñacións xa existentes e a formación dun patio de cuarteirón, se ben non pechado, senón comunicado co viario público existente a través dos espazos públicos de nova creación.

Non entanto o anterior, no apartado 1.2 do Borrador do Plan *“non se desbota a posibilidade de axustar a proposta final de volumes a outra das alternativas viables, ou a unha mestura delas, en función do desenvolvemento do proceso de exposición pública do documento, sempre dentro dos límites de edificabilidade e usos definidos con carácter xeral”*.

Na sesión da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada o día 12 de abril de 2018, ditaminouse que “No Documento ambiental estratéxico deixarase aberta a posibilidade de que o documento de aprobación inicial axuste a ordenación a calquera das variantes da alternativa 2, logo do que resulte do trámite de participación pública, consultas e informe ambiental estratéxico”.

En coherencia co anterior, o propietario das parcelas privadas -SAREB S.A- presentou no Rexistro Xeral do Concello, con data 10.10.2018, unha proposta de ordenación que se axusta en gran medida á variante 2.2.C1, con algunhas variacións.

Por outra banda, a Comunidade de Veciños do edificio sito na rúa da Rosa, número 22, presentou con data 20.11.2018, escrito solicitando que a Modificación se axuste á alternativa A.2.1, por ser esta a seleccionada no Documento ambiental estratéxico, e se desboten outras como a 2.2.C.1, por canto merma as condicións de luminosidade e soleamento do seu inmovble.

O concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, logo das conversas celebradas cos representantes das Asociacións de Veciños afectados, e á vista do manifestado polos outros concelleiros nas reunións nas que se debateu o asunto, deu instrucións aos técnicos da Sección Municipal de Planeamento a fin de que elaborasen o proxecto que se someta á aprobación inicial do Pleno recollendo, na medida do posible e cos axustes que se estimen procedentes, a proposta presentada por SAREB, por ser esta a proposta que acadou maior consenso entre os concelleiros municipais, na medida en que reproduce, cos axustes lóxicos, a pauta da edificación existente.

No apartado 1.3.2 da memoria do documento elaborado pola arquitecta de Planeamento, dáse conta das anteriores circunstancias, concluíndose que a solución proposta non incorre en irracionalidade ou arbitrariedade, xa que tamén foi considerada no Documento ambiental estratéxico como unha solución compatible cos obxectivos da Modificación. Todo ilo sen prexuízo de que *“no proceso de participación pública poidan suscitarse novas propostas ou alternativas, que haberán de ser convenientemente avaliadas a fin de acadar a mellor ordenación posible”*.

5. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

Previo acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 19 de abril de 2018, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do Plan.

A resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 4.09.2018, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico, resolve non someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Durante o trámite de consultas emitíronse os seguintes informes:

- **Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal**, de data 9.05.2018, que non formula obxeccións.

- **Informe da directora do Instituto de Estudos do Territorio**, de data 26.07.2018, relativo á paisaxe, no que se recomenda a selección da alternativa 2.2.C2, se ben indica que “calquera das variantes da alternativa 2 considéranse axeitadas pois melloran calidade paisaxística do espazo urbano”

- **Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, de data 21.05.2018, no que se sinala que os elementos catalogados existentes no contorno (A.57 Conxunto de vivendas A Rosaleda e A.56 Vivendas Ramírez) non contan cun contorno de protección nin se atopan dentro do perímetro azul. Tamén se indica que *os edificios da rúa da Rosa crean unha barreira visual, xa existente, co elemento A.57, polo que non existe ningún tipo de afección*, e que *as posibles afeccións visuais ao elemento A.56 son mínimas, tendo en conta que se trata dunha peza urbana que completará a malla existente*.

- **Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, de data 10.07.2018, no que se formulan as seguintes observacións:

- Deberán incorporarse ao documento como anexo as sentenzas que xustifican a consideración dos terreos afectados como solo urbano consolidado.

- Deberá acreditarse, mediante xustificación numérica axeitada, que o cambio de uso non comporta un aumento de aproveitamento superior ao 30% do existente.

- No solo urbano consolidado non son esixibles cesións de terreos dotacionais máis alá do viario ao que dá fronte a parcela con ocasión da edificación, polo que, agás que se acheguen convenios urbanísticos nos que os propietarios asuman voluntariamente estas cargas, non resultan legalmente esixibles a cesión e urbanización de espazos libres

proxectados, habendo de incluírse no Estudo económico financeiro as debidas previsións ao respecto.

No documento que se somete a aprobación inicial, elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2019, dáse cumprimento ás observacións formuladas no precitado informe, como de seguido se indica:

- Incorpóranse, como anexo III, todas as sentenzas e demais resolucións xudiciais ditadas en relación coa Modificación do PXOM aprobada no ano 2003 e co PERI-12 aprobado no ano 2005.
- Engádesse como anexo 1, a xustificación numérica de que as novas determinacións non supoñen incremento de aproveitamento urbanístico, para os efectos do disposto no parágrafo final do artigo 17 da LSG.
- Inclúese no expediente, para o seu sometemento a información pública -segundo prevé o artigo 401.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia (RLSG)- unha proposta de convenio urbanístico a asinar cos propietarios do ámbito, na que se regula, entre outras cuestións, a cesión gratuíta ao Concello dos novos espazos libres públicos.

6. PROCEDEMENTO

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985 *reguladora das bases do réxime local (LBRL)*.

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL

Por todo o exposto, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do PERI-12 -antigo colexio Manuel Peleteiro-, promovida polo Concello de Santiago, segundo o proxecto elaborado polos servizos técnicos municipais de Planeamento en marzo de 2019.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento. Así mesmo, e de conformidade co previsto no artigo 401.3 do RLSG, incluírá a proposta de **Convenio de actuación urbanística no ámbito da OE-4 e do PERI-12**.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, a fin de que por este se outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará o informe dos órganos competentes das administración do Estado en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións) e de Aviación Civil.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a **suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas** de parcelación, edificación e demolición no ámbito das seguintes parcelas catastrais:

7169315NH3476G0001XM

7169316NH3476G0001IM

7169317NH3476G0001JM

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

O presente asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos na sesión ordinaria do día 4 de abril do corrente ano.

Sometido o presente asunto a votación, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), polo que ao non acadar a aprobación inicial a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o presente asunto queda rexeitado.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO ÁMBITO 01 DO ARI DE VITE. GRUPO DE VIVENDAS NOSA SEÑORA DE BELÉN.

O informe xurídico da xefa de sección de xestión urbanística e proposta do concelleiro, de data 29 de marzo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través do arquitecto Jorge Álvarez Rúa -contratado para tal fin-, co obxecto principal de definir as intervencións a realizar no ámbito 01 da *Area de rehabilitación integral* (ARI) de Vite, declarada como tal por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e do Solo de data 15 de febreiro de 2016.

1. Obxecto do Estudo de detalle

O ámbito da intervención (01) abrangue 32 bloques de vivendas, emprazados nas seguintes vías:

Avenida de Castelao, números 28, 30, 32, 34 e 36.

Rúa de Ulpiano Villanueva, números 1 a 9.

Rúa de Domingo A. Andrade, números 1, 2, 3, 5, 7, 9, 11, 12, 13, 14 15, 16, 17 e 18.

Rúa de Xesús Carro, números 1, 3, 5 e 7.

Segundo consta na memoria do Estudo de detalle, a súa finalidade principal é *“establecer os criterios de intervención para a introdución de ascensores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, ademais da adecuación das envolventes térmicas dos edificios”*.

Como obxectivos concretos se sinalan os seguintes:

No espazo público:

- Proposta dun proxecto global de mellora das condicións de urbanización e accesibilidade para a totalidade do ámbito ordenado en aspectos superficiais, mantendo unha alta proporción de zonas axardinadas.

Nas edificacións privadas:

- Propoñer as directrices comúns e exemplos de solucións específicas e concretas para a incorporación de ascensores, a partir das distintas solucións analizadas ata o momento, definindo a nova volumetría das edificacións, a área a ocupar no espazo público -marcando unha área de movemento- para resolver a accesibilidade ás vivendas e as particularidades de cada situación.

- Definir unha área de influencia das actuacións privadas nas que haberá que establecer as condicións de urbanización mínimas para garantir a funcionalidade do espazo público, no caso de que as obras privadas se acometan con anterioridade á intervención pública.

- Establecer as características xerais para a mellora da eficiencia enerxética e indicar pautas para favorecer estas actuacións sobre as instalacións e envolvente térmica dos edificios.

- Sinalar as características que deben cumprirse nos tratamentos de fachadas e sinalar os criterios xerais para posibilitar actuacións de carácter conxunto que permitan o mantemento do carácter unitario e as tipoloxías existentes.

E de modo xeral, tamén terá por obxecto delimitar o ámbito de actuación e permitir o proceso de exposición pública a efectos do cumprimento do artigo 24 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

2. Normativa aplicable para a implantación de ascensores

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudio de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

O Relá decreto legislativo 7/2015 - polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Esta ocupación **esixe a delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha **cesión de uso do voo** polo tempo en que se manteña a edificación, ben a recualificación e desafectación do dominio público, a fin de acordar o seu **alleamento** á correspondente comunidade de propietarios.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, neste caso óptase por manter o dominio público dos terreos necesarios para a instalación dos ascensores, sen recualificar ou desafectar o solo, de maneira que a aprobación definitiva do Estudo de detalle -no que se contén a delimitación do ámbito da actuación- habilita ao órgano municipal competente para acordar a cesión de uso do voo á respectiva comunidade de propietarios.

3. Reurbanización dos espazos públicos

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, *“estúdanse tamén nos documentos as actuacións de reurbanización necesarias para garantir a mellora da accesibilidade nos espazos públicos, e tamén para que as implantacións dos ascensores non supoñan unha perda de calidade dos espazos públicos existentes.*

Este tema abórdase tendo en conta as particulares condicións das actuacións, cunha marcada compoñente de actuación pública. Así, se parte da idea xeral de que as actuacións xerais de reurbanización deberán ser acometidas polo Concello, a través dos correspondentes proxectos de obras de urbanización, polo que os Estudos de detalle definen os criterios xerais de actuación para a mellora do espazo público, e nalgúns casos se establecen áreas específicas de prioridade de actuación, que poden ser acometidas por fases, pero que deberán ser definidas tecnicamente nos correspondentes proxectos.

Tamén se establecen -cando se estima necesario- aqueles ámbitos de influencia das actuacións privadas que poden requirir algunha lixeira intervención no espazo público para garantir que a implantación do ascensor non dificulte ou empeore a funcionalidade do espazo público existente, para o caso que a implantación do ascensor se leve a cabo antes que as actuacións públicas de reurbanización xeral do ámbito.”

4. Resultado do trámite de participación pública

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 22.12.2017 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron, con data 3.05.2018, no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia. Simultaneamente, practicouse notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas, publicándose edicto no Boletín Oficial do Estado do día 1.06.2018.

Durante o trámite de información pública formuláronse varias alegacións, que son obxecto de análise e contestación no informe asinado pola arquitecta municipal con data 25 de marzo de 2019, no que se da resposta ás alegacións formuladas e se propón ampliar o espazo máximo ocupable no exterior de acordo cunha solución tipo que figura descrita no mesmo informe e grafitada nun plano anexo.

No expediente consta **informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural**, segundo resolución asinada o 25.04.2018.

5. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do ámbito 01 do ARI de Vite (Grupo de Vivendas Nosa Señora de Belén, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jorge Álvarez Rúa, coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que resultan da ampliación do espazo máximo ocupable no exterior segundo se especifica no informe da arquitecta municipal e planos anexos.

En consecuencia, elaborárase un **documento refundido** que integre as modificacións sinaladas, tanto nos planos afectados como nos apartados correspondentes da memoria.

A aprobación definitiva do Estudo de detalle supón a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.”

Á vista do informe proposta transcrito, máis do ditame favorable emitido pola Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 4 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG) e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda aprobar definitivamente o estudo de detalle do ámbito 01 do ARI de Vite (Grupo de Vivendas Nosa Señora de Belén, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jorge Álvarez Rúa, coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que resultan da ampliación do espazo máximo ocupable no exterior segundo se especifica no informe da arquitecta municipal e planos anexos.

En consecuencia, elaborárase un documento refundido que integre as modificacións sinaladas, tanto nos planos afectados como nos apartados correspondentes da memoria.

A aprobación definitiva do estudo de detalle supón a delimitación espacial do ámbito da actuación, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O presente acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao

cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO ÁMBITO 03 DO ARI DE VITE. ZONA 03A: RÚA DE CARLOS MASIDE. ZONA 03B: RÚA DOS IRMANDIÑOS.

O informe xurídico da xefa de sección de xestión urbanística e proposta do concelleiro da área, de data 27 de marzo do corrente ano que figura no expediente, ten o seguinte contido:

“O Estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través do arquitecto Carlos Fernández García -contratado para tal fin-, co obxecto principal de definir as intervencións a realizar no ámbito 03 da *Área de rehabilitación integral* (ARI) de Vite, declarada como tal por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e do Solo de data 15 de febreiro de 2016.

1. Obxecto do Estudo de detalle

O ámbito da intervención (03) abrangue 19 bloques de vivendas, emprazados nas seguintes vías:

Rúa de Carlos Maside, números 1, 2, 3, 4, 6, 8, 10, 12, 14, 16, 18, 20, 22, 24, 26 e 28
Rúa dos Irmandiños, números 7, 9 e 11

Segundo consta na memoria do Estudo de detalle, a súa finalidade principal é *“establecer os criterios de intervención para a introdución de ascensores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, ademais da adecuación das envolventes térmicas dos edificios”*

Como obxectivos concretos se sinalan os seguintes:

- *Formular para a totalidade do ámbito un estudo previo de reurbanización do espazo público, ordenado desde criterios de accesibilidade e seguridade.*
- *Estudar e propoñer as directrices comúns e as solucións específicas para a incorporación de ascensores comunitarios atendendo á modificación volumétrica das edificacións orixinais, a menor ocupación posible do espazo público anexo e as particularidade de cada situación.*
- *Establecer as características xerais que deben cumprirse para a mellora da eficiencia enerxética dos edificios, e indicar aqueles materiais e solucións construtivas que favorezan as actuacións tendentes ao mantemento e a conservación da envolvente.*

2. Normativa aplicable para a implantación de ascensores

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

O RD lexislativo 7/2015 -polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Esta ocupación **esixe a delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha **cesión de uso do voo** polo tempo en que se manteña a edificación, ben a recualificación e desafectación do dominio público, a fin de acordar o seu **alleamento** á correspondente comunidade de propietarios.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, neste caso óptase por manter o dominio público dos terreos necesarios para a instalación dos ascensores, sen recualificar ou desafectar o solo, de maneira que a aprobación definitiva do Estudo de detalle -no que se contén a delimitación do ámbito da actuación- habilita ao órgano municipal competente para acordar a cesión de uso do voo á respectiva comunidade de propietarios.

3. Reurbanización dos espazos públicos

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, *“estúdanse tamén nos documentos as actuacións de reurbanización necesarias para garantir a mellora da accesibilidade nos espazos públicos, e tamén para que as implantacións dos ascensores non supoñan unha perda de calidade dos espazos públicos existentes.*

Este tema abórdase tendo en conta as particulares condicións das actuacións, cunha marcada compoñente de actuación pública. Así, se parte da idea xeral de que as actuacións xerais de reurbanización deberán ser acometidas polo Concello, a través dos correspondentes proxectos de obras de urbanización, polo que os estudos de detalle

definen os criterios xerais de actuación para a mellora do espazo público, e nalgúns casos se establecen áreas específicas de prioridade de actuación, que poden ser acometidas por fases, pero que deberán ser definidas tecnicamente nos correspondentes proxectos.

Tamén se establecen -cando se estima necesario- aqueles ámbitos de influencia das actuacións privadas que poden requirir algunha lixeira intervención no espazo público para garantir que a implantación do ascensor non dificulte ou empeore a funcionalidade do espazo público existente, para o caso que a implantación do ascensor se leve a cabo antes que as actuacións públicas de reurbanización xeral do ámbito.”

4. Resultado do trámite de participación pública

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 22.12.2017 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron, con data 2.05.2018, no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia. Simultaneamente, practicouse notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas, publicándose edicto no Boletín Oficial do Estado do día 3.05.2018.

Durante o trámite de información pública formuláronse varias alegacións, que son obxecto de análise e contestación no informe asinado pola arquitecta municipal con data 25 de marzo de 2019, no que se da resposta ás alegacións formuladas e se propón incluír unha solución alternativa ou variante que permita a instalación do ascensor pola parte posterior da vivenda. Esta solución alternativa introdúcese para o bloque 24, podendo estenderse esta solución -ou outra similar- aos restantes bloques (2 a 22) a través dun estudo posterior.

No expediente consta **informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural**, segundo resolución asinada o 25.04.2018.

5. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do ámbito 03 do ARI de Vite (Zona 03A: rúa de Carlos Maside, Zona 03B: rúa dos Irmandiños), coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que resultan da incorporación da variante ou solución alternativa

de instalación do ascensor na parte posterior das vivendas, segundo se describe no informe da arquitecta municipal.

En consecuencia, elaborárase un **documento refundido** que integre as modificacións sinalada, tanto nos planos afectados como nos apartados que correspondan da memoria.

A aprobación definitiva do Estudo de detalle supón a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.”

Á vista do informe proposta transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 4 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG) e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda aprobar definitivamente o estudo de detalle do ámbito 03 do ARI de Vite (Zona 03A: rúa de Carlos Maside, Zona 03B: rúa dos Irmandiños), coas modificacións, respecto do inicialmente aprobado, que resultan da incorporación da variante ou solución alternativa de instalación do ascensor na parte posterior das vivendas, segundo se describe no informe da arquitecta municipal.

En consecuencia, elaborárase un documento refundido que integre as modificacións sinalada, tanto nos planos afectados como nos apartados que correspondan da memoria.

A aprobación definitiva do estudo de detalle supón a delimitación espacial do ámbito da actuación, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que

habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

6. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS B4B01D E B4B01E DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

O informe xurídico da xefa de sección de xestión urbanística e proposta do concelleiro da área, de data 3 de abril do corrente ano, en relación ao presente punto ten o seguinte contido:

“1. Obxecto do Estudo de detalle

O proxecto, formulado por iniciativa particular da mercantil FINANCIERA MADERERA S.A. (FINS A) e asinado polo equipo técnico IDOM Consulting, ten por obxecto concretar a ordenación do volume edificable no ámbito das parcelas B4b01d e B4b01e do *Proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla*, que fora aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

As parcelas afectadas, coas referencias catastrais 1112802NH4511A0000IF e 1112801NH4511A0000XF, sitúanse nas rúas de Castela e León (nº 63) e de Murcia (nº 2), respectivamente, do parque empresarial da Sionlla.

A necesidade de formular o Estudo de detalle dérivase do establecido na normativa do *Proxecto sectorial do parque empresarial da Sionlla*, aprobado o 7 de xuño de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11ª. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a

redacción dun Estudo de detalle *co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobranse de parcela*, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores *en función das esixencias dos procesos produtivos*.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinálase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

No expediente consta informe técnico favorable asinado polo arquitecto xefe do Servizo Municipal de Planeamento, no que se conclúe que o Estudo de detalle, ademais de necesario, resulta *“adequado para a protección dos valores do espazo libre privado ELP, interior e común a ambas parcelas, así como para establecer as rasantes das plataformas de implantación das futuras edificacións, as condicións de recuamentos e volume destas, e as medidas de integración paisaxística, especialmente detalladas para os noiros e muros de contención de terras, e para as bandas de contacto co viario e co ELP”*.

Un dos obxectivos principais da proposta presentada é posibilitar a ampliación das actuais instalacións de FINSA cara ás parcelas incluídas no ámbito do Estudo de detalle. Por este motivo, ás áreas de movemento da edificación proxéctanse en continuidade coas parcelas do solo urbano lindante, pertencentes á mesma propiedade. Non entanto o anterior, a edificación das parcelas haberá de cumprir os recuamentos que resulten da normativa aplicable do Proxecto sectorial, de xeito que a edificación sen solución de continuidade coas parcelas lindantes quedará condicionada á previa agrupación dos terreos afectados, ou, no seu defecto, á previa modificación das condicións de recuamento establecidas na normativa vixente do Proxecto sectorial. Por ilo, entre as determinacións do Estudo de detalle inclúese a seguinte condición: *A edificación das parcelas haberá de cumprir os recuamentos que estableza a normativa aplicable do Proxecto sectorial, de acordo coa estrutura parcelaria existente no momento de solicitarse a correspondente licenza*.

2. Tramitación

O procedemento de aprobación dos estudos de detalle atópase regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia* (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

En aplicación dos citados preceptos, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de goberno o día 8.02.2019 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, con citación persoal dos titulares catastrais das parcelas afectadas, e anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 25.02.2019.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

No expediente consta informe favorable da **Directora xeral do Patrimonio Cultural**, de data 20.03.2019.

Así mesmo, consta informe emitido por **Augas de Galicia** con data 2.04.2019, indicando a necesidade de que, con carácter previo ao inicio das obras, se solicite a preceptiva autorización ao citado organismo.

Con data 2 de abril de 2019, a promotora presentou o **documento refundido** que integra as condicións sinaladas no acordo de aprobación inicial.

5. Proposta

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle das parcelas das parcelas B4b01d e B4b01e do parque empresarial da Sionlla, segundo o proxecto refundido presentado o 2 de abril de 2019 por FINANCIERA MADERERA S.A., asinado polo equipo técnico IDOM Consulting.

As parcelas emprázanse nas rúas de Castela e León (nº 63) e de Murcia (nº 2), figurando no Catastro coas referencias catastrais 1112802NH4511A0000IF e 1112801NH4511A0000XF, respectivamente.

Con carácter previo ao inicio das obras, haberá de obterse a autorización do organismo autónomo Augas de Galicia.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe proposta transcrito, e máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á sesión do día 4 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda aprobar definitivamente o estudo de detalle das parcelas das parcelas B4b01d e B4b01e do parque empresarial da Sionlla, segundo o proxecto refundido presentado o 2 de abril de 2019 por FINANCIERA MADERERA S.A., asinado polo equipo técnico IDOM Consulting.

As parcelas emprázanse nas rúas de Castela e León (nº 63) e de Murcia (nº 2), figurando no Catastro coas referencias catastrais 1112802NH4511A0000IF e 1112801NH4511A0000XF, respectivamente.

Con carácter previo ao inicio das obras, haberá de obterse a autorización do organismo autónomo Augas de Galicia.

O presente acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

7. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA CONCELLARÍA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA, DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA QUE FINANCIA O EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2019-CREXT-02.

Dáse conta de Decreto de data 20 de marzo do corrente ano, rexistrado co número 2123, cuxa parte resolutiva corrixe o erro material detectado no acordo do Pleno da

Corporación de data 21 de febreiro de 2019 relativo á aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario nº 2019-CREXT-02 con base no informe proposta que se achega ao expediente, por un monto global de novecentos vinte e nove mil setecentos noventa e tres euros con dez céntimos de euro (929.723,10 €) que se financia con baixas por anulación, no sentido de que a aplicación orzamentaria correspondente que financia esta modificación, reflectida nos diferentes cadros do acordo plenario que se achegan en documento anexo a este decreto, e que fai referencia ao -crédito dispoñible vinculado co crédito inicial prorrogado destinado á anualidade 2019 do contrato de mantemento, conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais- non é a establecida no acordo coa codificación "090 34100 48900" senón que a correcta que debe constar no devandito acordo sería "090 34200 22799".

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, dende o día 22/02/19 ao 21/03/19 (núms. 1401 ao 2154).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm.11 correspondente á sesión ordinaria do día 1 de marzo de 2019.
Acta núm. 12 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 4 de marzo de 2019.
Acta núm. 13 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 7 de marzo de 2019.
Acta núm. 14 correspondente á sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2019.
Acta núm. 15 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 13 de marzo de 2019.
Acta núm.16 correspondente á sesión ordinaria do día 15 de marzo de 2019.
Acta núm.17 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 18 de marzo de 2019.
Acta núm. 18 correspondente á sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2019.
Acta núm. 19 correspondente á sesión ordinaria do día 29 de marzo de 2019.
Acta núm. 20 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 29 de marzo de 2019.

9. MODIFICACIÓNS NA RELACIÓN DE BENS E TITULARES DO PROXECTO TÉCNICO DE EXPROPIACIÓNS DA ESTACIÓN INTERMODAL (1ª FASE).

Constan no expediente informes - propostas da xefa de sección de xestión urbanística de data 21 de decembro de 2018 e 9 de abril do corrente ano e do concelleiro delegado da área, en relación ao asunto do epígrafe, co seguinte contido:

“1. Antecedentes

O Consello da Xunta de Galicia, mediante acordo adoptado o 5 de outubro de 2017, aprobou a fase I do *Proxecto integrado da nova Estación Intermodal de Santiago de Compostela*, de acordo co previsto na Lei 3/2016 *de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*.

Segundo dispón o apartado 7 do artigo único da precitada Lei 3/2016, a aprobación do proxecto leva implícita a **declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación** dos bens e dereitos afectados para os efectos de expropiación ou imposición de servidumes.

O apartado 8 do artigo único da mesma Lei obriga ao Concello no que radiquen os bens afectados a realizar as expropiacións que resulten precisas para executar o proxecto, correspondendo neste caso ao Concello de Santiago de Compostela a condición de administración expropiante e beneficiaria dos bens e dereitos afectados.

Con anterioridade á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, o proxecto -promovido pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda-, someteuse pola administración municipal ao trámite de información pública, segundo esixe o apartado 4 da Lei 3/2016, mediante anuncios que para o efecto se publicaron nos xornais e no Boletín Oficial da Provincia do día 27 de marzo de 2017. Simultaneamente, practicouse citación persoal aos titulares das parcelas afectadas segundo figuran no Catastro.

O Consello da Xunta de Galicia, na mesma sesión de 5 de outubro de 2017, aprobou o Proxecto e acordou “declarar urxente a ocupación dos bens e dereitos afectados pola fase I do proxecto integrado da nova Estación Intermodal de Santiago de Compostela”

Con data 15 de febreiro de 2018 o Pleno Municipal aprobou o proxecto técnico de expropiación dos bens e dereitos afectados, no que se contén a súa descrición, se identifican os seus titulares e se propón a súa taxación.

En aplicación do procedemento excepcional de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa (LEF), e logo da publicación dos preceptivos anuncios e convocatoria dos titulares afectados, con data 5 de abril de 2018 realizáronse as **actas previas á ocupación** dos bens e dereitos afectados.

Formuladas as follas de depósito previo á ocupación dos bens e dereitos identificados nas actas previas –das que se deu traslado aos respectivos expropiados- o Concello procedeu, con data 13 de xullo de 2018, a consignar o importe dos **depósitos previos** na Caixa Xeral de Depósitos.

Con data 18 de xullo de 2018 o Concello, na súa condición de administración beneficiaria da expropiación, tomou posesión administrativa dos bens e dereitos afectados, segundo consta nas respectivas **actas de ocupación urxente** formalizadas na data indicada. Ao se tratar dunha expropiación con urxente ocupación, a administración expropiante non adquiriu aínda a titularidade dos bens e dereitos obxecto de expropiación, xa que isto esixe a previa determinación definitiva e pagamento do seu xustiprezo. Non entanto o anterior, nas expropiacións urxentes, o pagamento ou consignación dos depósitos previos habilita á administración para a ocupación ou toma de posesión dos bens e dereitos afectados (artigos 52.6 da LEF, e 52.2 e 60.3 do seu Regulamento).

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Cidade o día 20.07.2018, **puxéronse a disposición da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia** os bens necesarios para a construción da nova Estación de Autobuses, dando cumprimento así ao mandato recollido no apartado 8 do artigo único da Lei 3/2016, que obriga á administración expropiante a realizar a *“transferencia posterior da súa titularidade ao órgano promotor”*

En setembro de 2018 a administración municipal impulsou a **tramitación da peza separada de xustiprezo** dos bens e dereitos afectados, referíndose a data de iniciación legal do expediente ao día 19 de xullo de 2018 (por ser este o día seguinte á ocupación das parcelas).

2. Alegacións formuladas sobre a relación de bens e dereitos afectados

Logo da aprobación do proxecto de expropiación, e da convocatoria para o acto de realización das actas previas á ocupación das parcelas afectadas, formuláronse as seguintes alegacións sobre a relación de bens e dereitos afectados:

a) Alegación formulada por ADIF

A alegación consta presentada con data 2.04.2018 por dona Celina Matías Bértolo, delegada de Patrimonio y Urbanismo Noroeste, quen manifesta que ADIF é propietaria dunha superficie adicional de 725 m² incluída dentro das parcelas 2 e 3, consonte á documentación que forma parte do Inventario de Bens Inmóveis de ADIF.

En consecuencia, solicita que se lle recoñeza a dita superficie, de xeito que a superficie total a expropiar a ADIF sumaría 12574 m² (en lugar dos 11849 considerados no proxecto)

b) Alegación formulada por don Alberto García Cepeda

No acto de realización da acta previa á ocupación da parcela 8, o expropiado alegou:

que a superficie total da parcela é de 1737,05 m², fronte aos 1695 atribuídos no proxecto.

que a parcela atópase pechada con bloques de formigón e malla metálica que na parcela existe un galpón para aperos agrícolas de 21 m².

c) Alegación formulada por don José Mariño Codesido

Reproduce o contido substancial da alegación que xa formulara no trámite de información pública do proxecto da Estación Intermodal, no que denunciaba determinados vicios ou irregularidades do citado proxecto, e cuestiona tanto a urxencia como o excepcional interese público da actuación.

3. Expediente de investigación patrimonial en relación coa parcela 4

As parcelas 4 e 6, “*en investigación*” segundo o Catastro, foron consideradas de titularidade descoñecida no proxecto de expropiación, entendéndose as actuacións co Ministerio Fiscal.

Téndose iniciado pola Delegación de Economía e Facenda expediente de investigación patrimonial en relación coa parcela catastral 7465187NH3476E0001GT, o Concello alegou que a citada parcela catastral se corresponde coa núm. 4 do plano parcelario do Proxecto Técnico de Expropiacións. Estación Intermodal (1º FASE) aprobado polo Pleno Municipal con data 15 de febreiro de 2018, na que figura como de titularidade descoñecida.

Non entanto o anterior, comprobouse que a citada parcela correspóndese tamén coa número 18 do *Proxecto de expropiación para a nova variante entre a Avenida de Lugo (N-550) e Ponte Pedriña (N-525) no núcleo de Santiago de Compostela* –na actualidade Avenida Clara Campoamor–, no que resultou expropiada na súa totalidade polo Concello de Santiago a don Joaquín Yebra-Pimentel Vidal e dona Joaquina Rodríguez López, téndose formalizado mutuo acordo cos ditos titulares, e constando o pagamento do xusto prezo definitivamente acordado en outubro de 2004.

En consecuencia, **procedeuse a solicitar do Catastro a rectificación correspondente**, consignando como titular catastral da parcela ao Concello de Santiago, en virtude da expropiación de referencia.

4. Expediente de xustiprezo

O artigo 29 da LEF esixe que a peza separada se inicie cun *extracto de las actuaciones practicadas para la fijación por mutuo acuerdo del precio de adquisición*, motivo polo

que se intentou o mutuo acordo segundo a taxación aprobada polo Concello para os bens e dereitos afectados, engadindo o 5% en concepto de premio de afección.

a) Mutuo acordo

Durante o prazo outorgado a tal fin, manifestaron a súa aceptación do prezo ofrecido polo Concello os propietarios das parcelas 7, 12 e 14.

Cómpre advertir, porén, que o prego de aceptación do xustiprezo das parcelas 7 e 12 non consta asinado por todos os membros da comunidade hereditaria, polo que será preciso practicar requirimento a tal fin, antes de considerar fixado definitivamente o xustiprezo das dúas parcelas por mutuo acordo. En supostos análogos de proindivisión, os Tribunais teñen declarado que a aceptación do xustiprezo por un dos condóminos ten para o mesmo carácter definitivo a respecto da valoración do ben expropiado na cota a el atribuída, continuando o expediente unicamente para aqueles outros propietarios que non tiveran asinado o mutuo acordo (STS 5.12.1992). Porén, ao se tratar de parcelas en proindivisión considérase necesario que conste no expediente un acordo expreso de todos os herdeiros sobre a división do prezo xusto

b) Follas de aprecio presentadas polos expropiados

Os propietarios das parcelas 1, 8, 9, 11, 13 e 15 non aceptan a taxación proposta polo Concello e presentan a súa folla de aprecio, sobre a que debe pronunciarse a administración expropiante.

Do exame das follas de aprecio presentadas polos expropiados resulta:

1.Folla de aprecio presentada por ADIF (parcela 1, e parte das 2 e 3)

Ademais de reclamar a superficie adicional de 725 m² –incluída nas parcelas 2 e 3- que foi xa reivindicada con anterioridade, presenta valoración técnica do solo en situación de urbanizado, estimando un valor de 451,50 euros por m² de solo, que, aplicado á superficie obxecto de expropiación (12.574 m²) arroxa unha suma de 5.677.161 euros. Engadindo a esta cantidade o 5% do premio de afección, resulta unha indemnización total de 5.961.019,05 euros.

2.Folla de aprecio presentada por don Alberto García Cepeda (parcela 8)

Ademais de reclamar a maior superficie e outros bens xa alegados na acta previa á ocupación, achega valoración técnica do solo en situación de urbanizado, estimando un valor de 249,79 euros por m², que, aplicado á superficie obxecto de expropiación (1737,05 m²) arroxa unha suma de 433.897,72 euros. A esta cantidade engádese o valor

proposto para os outros bens afectados (1781,71 euros para o galpón e 10.051,97 euros para o peche).

Así mesmo, e para o caso de que o solo se valorase como rural, propón un valor de 49 e/m², considerando unha renda potencial de explotación hortícola.

3.Folla de aprezo presentada por don José Mariño Codesido (parcelas 9, 11, 13, 15)

O expropiado reitera o contido das alegacións que xa formulara en abril de 2018, e remítese a un informe técnico de valoración asinado en agosto de 2015 polo enxeñeiro don Juan Rico Lenza, que foi presentado polo mesmo interesado no expediente de expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña (actual Avenida Clara Campoamor), no que propuxo un valor de 1200 euros por m² de solo. Nese expediente resultaron parcialmente expropiadas varias fincas da súa propiedade, de xeito que as afectadas polo actual proxecto da Intermodal son restos daquela expropiación.

Por outra banda, solicita que se acorde a expropiación total da parcela 15, alegando que a superficie restante (111,22 m²) constitúe un resto antieconómico, sendo así a superficie total a expropiar de 144,22 m².

Segundo alega o expropiado, no anterior expediente de expropiación, tramitado no ano 2003, o Concello de Santiago fixou un valor unitario entre 12 e 21 euros por m² de solo, é dicir, considerablemente superior ao proposto no actual proxecto de expropiación (4,21 euros/m²), non entendendo o alegante como 18 anos despois o valor do solo haxa mermado de forma tan alarmante. O expropiado alega así mesmo que no ano 1999 o valor catastral do solo afectado xa acadaba os 18,79 euros por m² -segundo o recibo do IBI que achega-, e trae tamén a colación os prezos de venda de varias parcelas alleadas no ano 2008 pola Empresa municipal da Vivenda e do Solo no ámbito do SUP-7 (Ponte Pedriña), que oscilan entre os 900 e os 1200 euros por m².

Á vista das alegacións e follas de aprezo presentadas polos expropiados nos diferentes trámites do procedemento expropiatorio, procede efectuar as seguintes

5. CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Sobre as alegacións que cuestionan a aplicación do procedemento da Lei 3/2016 así como a urxencia da ocupación.

É preciso considerar que tanto a aprobación do proxecto como de excepcional interese público e urxencia de acordo co previsto na Lei 3/2016, como a declaración da urxente ocupación, producíronse en virtude de sendos acordos adoptados polo Consello da Xunta de Galicia o día 5 de outubro de 2017. Os citados acordos vinculan á

Administración Municipal para o exercicio da súa potestade expropiatoria, segundo resulta do disposto no apartado 8 do artigo único da citada lei.

Os vicios que puideran afectar ao proxecto da Estación Intermodal, do que trae causa a expropiación, non poden estenderse ao acto singular de declaración da urxente ocupación, nin aos actos posteriores do expediente expropiatorio, segundo ten declarado o Tribunal Supremo, entre outras na sentenza de 11.05.2015 (recurso 1183/2013):

Así pues, los vicios en los que eventualmente podía haber incurrido el procedimiento para la aprobación del proyecto de obras no son invocables con motivo de la impugnación de cualquier acto dictado en el procedimiento expropiatorio posterior. Se trata de dos actos singulares independientes, aunque relacionados entre sí: el de la aprobación del proyecto de obras y el de iniciación del procedimiento expropiatorio. Ni nos encontramos ante una impugnación indirecta de una disposición general con motivo de la impugnación de un acto singular dictado en aplicación de la misma, ni es posible trasladar las exigencias propias de un concreto acto, como la aprobación de un proyecto de obras, a otro de distinto alcance, como es la declaración de urgente ocupación. Ya en nuestra sentencia de 18 de diciembre de 2012 (rec. 1544/2010) dijimos que "es preciso diferenciar entre esas dos fases -fase de aprobación del Proyecto, previa al expediente expropiatorio, y fase de ocupación en vía de urgencia, propia del expediente expropiatorio- y la no comunicación de los posible vicios de la primera, una vez concluida por acto administrativo no impugnado y firme, al ámbito de la segunda de ellas.

La extensión de las irregularidades apreciadas en la tramitación del proyecto de obras al posterior acto singular de declaración de urgente ocupación no sólo es incorrecta por lo ya expuesto, sino que, además, genera una situación singular, generadora de inseguridad jurídica, pues anula el acto impugnado, la declaración de urgente ocupación, por los vicios que imputa a otro acto anterior cuya validez mantiene, al no poderlo anular por no haber sido impugnado directamente ni darse los requisitos para plantear una impugnación indirecta.

No presente caso, descoñecemos se o interesado ten impugnado, en vía administrativa ou contenciosa, os acordos adoptados polo Consello da Xunta de Galicia, sobre aprobación do proxecto e sobre declaración da urxente ocupación, máis **non compete á administración municipal pronunciarse sobre as reclamacións que afectan aos actos ditados pola administración autonómica no exercicio das súas competencias.**

SEGUNDA. Sobre a solicitude de expropiación do resto da parcela 15.

Sobre a expropiación de restos antieconómicos cómpre lembrar a doutrina xurisprudencial existente nesta materia, da que é exemplo a STS 30.01.2006:

Por otra parte, del propio [art. 23](#) de la [Ley de Expropiación forzosa](#) resulta que la solicitud de extensión de la expropiación a la totalidad de la finca ha de fundarse en dos circunstancias: que la conservación del resto de la finca no expropiada resulte antieconómica y que esto sea una consecuencia de la expropiación parcial de la misma, siendo preciso la concurrencia de ambos requisitos, de manera que no encuentra amparo en dicho precepto la pretensión del propietario de una expropiación total por el carácter antieconómico que la explotación de la finca tenía al margen de la expropiación parcial, pues lo que se trata de garantizar con la posibilidad establecida en dicho precepto es la compensación al propietario por la incidencia negativa en la finca derivada de la expropiación llevada a cabo, bien mediante la expropiación total o la valoración del demérito causado en la parte restante, lo que, contrariamente a lo sostenido por la parte recurrente al invocar el carácter objetivo de la aplicación del citado art. 23, no tiene justificación cuando la condición antieconómica de la finca es previa a la expropiación y está al margen de la división operada por la misma, que es lo que se ha apreciado por la Sala de instancia (...)

Non entanto o anterior, no presente caso concorre a especial circunstancia de que o resto cuxa expropiación solicita o interesado figura no Catastro a nome do Concello de Santiago, co carácter de sistema viario. Porén, no proxecto de expropiación aprobado polo Pleno Municipal o 15.02.2018 comprobouse polos servizos técnicos municipais que o Concello non tiña adquirido a dita parcela (núm. 15), sendo un resto dunha expropiación anterior -a do vial Sar-Ponte Pedriña-, non obtida pola administración expropiante, motivo polo que se incluiu na relación de bens afectados a nome dos Herdeiros de don Santiago Mariño Fraga, segundo a documentación achegada por estes no expediente de expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña.

Polo tanto, a situación de facto da parcela e a súa cualificación urbanística -sistema viario público- xustifican o interese público na súa obtención no presente procedemento de expropiación, polo que se propón incluír a superficie adicional de 111,22 m² na relación de bens afectados.

TERCEIRA. Sobre a anulación do anterior expediente de expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña

A sentenza que anulara o proxecto de expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña -aprobado polo Pleno Municipal no ano 2001- declarouse inexecutable por un auto do TSXG de data 15.02.2010 (PO 7189/2001). No citado auto, logo de estimar o incidente de inexecución de sentenza promovido polo Concello de Santiago, se engade o seguinte:

(....) debiendo establecerse la indemnización que han de percibir los recurrentes ejecutantes en un incidente independiente que han de promover los ejecutantes

Polo tanto, aínda que a expropiación foi anulada, a declaración de inexecutabilidade da sentenza anulatoria supón o mantemento da ocupación dos bens e dereitos expropiados, xa incorporados ao sistema viario público, sen prexuízo das indemnizacións que proceda aboar aos expropiados pola ocupación efectiva dos seus bens.

Nun informe asinado pola técnica da Sección de Expropiacións con data 5.06.2015, propúxose fixar, de acordo coa doutrina xurisprudencial existente nesta materia, a indemnización correspondente aos expropiados de acordo coas follas de aprezo formuladas pola administración -cuxo importe fora consignado na Caixa Xeral de Depósitos o 31.01.2003- , incrementadas nun 25%, e co 5% do premio de afección. A cantidade resultante procedería engadir, no seu momento, os xuros legais devengados dende o día seguinte ao da ocupación (04.02.2003) e ata ao seu pagamento.

Don José Mariño Codesido, mediante escrito presentado o 19.08.2015, oponse á proposta municipal, alegando que todas as actuacións do expediente de expropiación foron anuladas, e manifesta a súa intención de promover un incidente perante o TSXG para determinar a compensación que proceda pola ocupación ilegal das súas parcelas.

No momento actual esta técnica descoñece se se ten ou non promovido o incidente polo executante, motivo polo que se solicitou información á Asesoría Xurídica Municipal.

CUARTA. Sobre a valoración do solo afectado

Neste punto remítome ao informe técnico da arquitecta municipal, no que, logo de analizar a situación do solo segundo o marco legal vixente en materia de valoracións, así como as resolucións do Xurado de Expropiación en procedementos anteriores (vial Sar-Ponte Pedriña, aparcamento disuasorio de Ponte Pedriña), conclúese que os terreos non teñen a condición de urbanizados, como pretenden os expropiados.

Neste senso, cómpre citar a xurisprudencia do Tribunal Supremo, da que é expoñente a sentenza de 31.10.2014 (recurso 3102/2011), cando indica o seguinte:

(...) la jurisprudencia de esta Sala ha declarado que la mera existencia en una parcela de los servicios urbanísticos (...) no es suficiente para su clasificación como suelo urbano si aquella no se encuentra enclavada en la malla urbana (...) por más que ocasionalmente tenga los servicios urbanísticos a pie de parcela, es decir, los tenga porque pasen por allí casualmente y no porque la acción urbanizadora haya llegado a la misma (...)

No presente caso, os terreos afectados tiveron sempre a condición de solo rural, do mesmo xeito que os terreos lindantes, os cales sí foron transformados mediante actuacións de xestión urbanística, cuxos efectos non é posible estender, por razóns de mera colindancia, a terreos que non participaron no proceso urbanizador. Así, a STS de

16.03.2005 declara: *Si no cuenta con esos servicios un terreno no puede ser clasificado como suelo urbano, pero aún contando con ellos tampoco, si, además, el terreno no se encuentra encuadrado dentro de una malla urbana, elemento que esta Sala pondera constantemente a fin de evitar un crecimiento incontrolado del suelo urbano con base en el simple criterio de su proximidad a los servicios ya establecidos por el esfuerzo urbanizador ajeno*

É certo que o PXOM vixente clasifica os terreos como solo urbano, pero prevé o seu sometemento a unha actuación de transformación urbanística do solo que haberá de realizarse para a creación das correspondentes infraestruturas e dotacións públicas, segundo esixe o artigo 93 da normativa do PXOM, no seu apartado 2. Esta previsión non desvirtúa a situación actual do solo como rural, xa que o mesmo artigo 7.1.a) 1) do RD lexislativo 7/2015 define as actuacións de nova urbanización como aquelas que “*suponen el paso de un ámbito de suelo de la situación de rural a la de urbanizado (...)*”. No mesmo senso, o artigo 21.2.b) do citado RD lexislativo dispón que o solo está en situación de rural cando os instrumentos de ordenación urbanística prevexan ou permitan o seu paso a urbanizado mediante a correspondente actuación de urbanización. O precitado artigo 21, no seu apartado 3.a) esixe, para considerar un solo como urbanizado, que teña acadado esta condición “*en ejecución del correspondiente instrumento de ordenación*”, engadindo no apartado 3.b) que a mera colindancia con vías de circunvalación ou vías de comunicación interurbanas non comporta, por só soa, a condición de urbanizado.

Polo tanto, nin a colindancia do solo con ámbitos que foron xa urbanizados en execución do planeamento urbanístico, ou cunha vía que foi executada como variante da circunvalación a través de terreos de natureza rústica, nin a preexistencia no mesmo ámbito de servizos vinculados aos usos ferroviarios existentes, modifican a situación real do solo como rural ou non urbanizado, toda vez que a integración real e efectiva do solo na malla urbana require dunha actuación de transformación urbanística expresamente prevista no PXOM.

No expediente consta **informe asinado o 18.12.2018 polo enxeñeiro técnico agrícola** don Santiago Alonso Barral, que confirma os criterios aplicados pola arquitecta municipal para determinar o valor das parcelas expropiadas.

QUINTA. Sobre a titularidade da superficie adicional reclamada por ADIF

Neste punto remítome ao informe da arquitecta municipal, que considera acreditada a titularidade municipal dos terreos reclamados, de acordo co parcelario catastral e cos títulos que posúe o Concello de Santiago (expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña)

SEXTA. Sobre as reclamacións de superficie e outros bens formuladas por don Alberto García Cepeda (parcela 8)

O informe da arquitecta municipal considera que, de acordo co anexo III do Regulamento de valoracións, non procede indemnizar o galpón e o peche ao terse esgotado a súa vida útil.

Polo que atinxe á superficie, propónse rectificar o parcelario modificando a delimitación das parcelas 2 e 8, quedando a parcela 8 cunha superficie total a expropiar de 1765 m².

6. Modificacións a incorporar na relación de bens e titulares afectados

Do exame das alegacións presentadas resulta a necesidade de modificar a relación dos bens e titulares afectados en coherencia coa proposta de resolución que se contén nos informes técnicos emitidos.

As modificacións propostas non teñen carácter substancial, e non requiren o apertura dun novo trámite de exposición pública ou audiencia dos afectados, ao se tratar, ben da expropiación de restos antieconómicos solicitados polos mesmos titulares (parcela 15), ben de rectificacións na delimitación e medición das parcelas afectadas (parcela 8) ou na concreta identificación dos seus titulares segundo a documentación achegada polos respectivos interesados.

7. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e co informe técnico emitido pola arquitecta Xefa da Sección municipal de Planeamento, **proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio rural e Servizos, e previa fiscalización pola Intervención Municipal, adoptar o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes modificacións na relación de bens e titulares afectados polo Proxecto técnico de expropiación da Estación Intermodal, fase 1:

Parcela 2 (Concello de Santiago): Ao se tratar dunha superficie descontínua, e para evitar confusións, procédese a distinguir tres subparcelas (2 a, 2b e 2c), modificándose a súa delimitación e superficie de acordo co indicado na consideración sexta.

2 a.....	183 m ²
2b.....	1433 m ²
2c.....	283 m ²
TOTAL.....	1899 m²

Parcela 4: Considérase acreditada a súa titularidade a favor do Concello de Santiago.

Parcelas 7 e 12: Concrétase a identificación dos titulares expropiados (HERDEIROS DE JOSEFA MATO PEREIRA) segundo a documentación que consta achegada ao expediente¹, como de seguido se indica:

1/3 (**33,34 %**) **MARIA DEL MAR GARCÍA PONTE** (DI 33298414 A), como única herdeira de don JULIO GARCÍA MATO.

2/3 (**66,66%**) **HERDEIROS DE PILAR GARCÍA MATO, que son:**

22,22% (1/3) **HROS DE JOSÉ MANUEL ANDRADE GARCÍA E DE JOSÉ ANDRADE BARRAL:**

MARIANA PEREZ ANDRADE (DI 45872575H)

SIMÓN SCHORER ANDRADE (DI 51269144M)

PILAR ANDRADE GARCÍA (DI 33255107M)

M^a JOSÉ ANDRADE GARCÍA (DI 33256150J)

ANA ANDRADE GARCÍA (DI 33263864E)

MARGARITA ANDRADE GARCÍA (DI 33272443E)

JULIO ANDRADE GARCÍA (DI 33258457C)

MERCEDES ANDRADE GARCÍA (DI 33297737Q)

44,44% (2/3)

HROS DE JOSÉ MANUEL ANDRADE GARCÍA E DE JOSÉ ANDRADE BARRAL (segundo constan identificados no parágrafo anterior)

PILAR ANDRADE GARCÍA (DI 33255107M)

M^a JOSÉ ANDRADE GARCÍA (DI 33256150J)

ANA ANDRADE GARCÍA (DI 33263864E)

MARGARITA ANDRADE GARCÍA (DI 33272443E)

JULIO ANDRADE GARCÍA (DI 33258457C)

MERCEDES ANDRADE GARCÍA (DI 33297737Q)

Parcela 8 (Alberto García Cepeda): A resultas do cambio introducido na delimitación das parcelas 2 e 8, a parcela 8 queda cunha superficie afectada de 1765 m²

Parcela 14 (Hros de Carmen Martínez Sende): Concrétase a identificación dos titulares expropiados segundo a documentación que consta achegada ao expediente, como de seguido se indica:

JOSÉ LUIS GUERRA MARTÍNEZ (DI 33227264S)

MANUELA GUERRA MARTÍNEZ (DI 33210872E)

Parcela 15 (Hros de Santiago Mariño Fraga). Ampliase a superficie afectada, incorporando o resto antieconómico solicitado polo interesado, resultando unha superficie total a expropiar de 123 m²

Por outra banda, e segundo a documentación achegada ao expediente polos interesados, concrétase a identificación dos titulares como de seguido se indica:

MARIA VICTORIA MARIÑO CODESIDO (DI 33113531V)
JOSÉ MARIÑO CODESIDO (DI 33148038R)

SEGUNDO. Aprobar o plano parcelario modificado no que se incorporan as rectificacións sinaladas.

TERCEIRO. Formular as follas de xustiprezo da administración, engadindo o 5% do premio de afección á taxación do proxecto aprobado o 15.02.2018, e incorporando os novos datos de superficie que para as parcelas 8 e 15 resultan do indicado no apartado anterior.

CUARTO. Desconsignar a cantidade depositada pola parcela 4 (585,19 euros), ao terse acreditado a súa titularidade a favor do Concello de Santiago.

Antes de someter esta proposta ao Pleno Municipal, remitirase a Intervención para a súa fiscalización. A tal fin, infórmase que a cantidade total a aboar polo Concello de Santiago en concepto de xustiprezo dos bens e dereitos afectados pola presente expropiación, incluído o 5% do premio de afección, ascende a **72.518,65 euros**, dos cales foron xa consignados na Caixa Xeral de Depósitos 68.976,97 euros.

4. A Comisión Informativa de Urbanismo, na sesión que tivo lugar o 4.04.2019 emitiu **ditame favorable**, se ben condicionado á previa obtención do informe favorable da Intervención municipal.

No expediente consta **informe favorable de fiscalización** (233/2019), asinado o 5.04.2019, advertindo que *“unha vez adoptado acordo polo órgano competente, deberá de remitirse a esta Intervención mediante acto administrativo a correspondente relación nominal de bens de necesaria ocupación, así como dos correspondentes titulares”*

En consecuencia, **proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes modificacións na relación de bens e titulares afectados polo Proxecto técnico de expropiación da Estación Intermodal, fase 1:

Parcela 2 (Concello de Santiago): Ao se tratar dunha superficie descontinua, e para evitar confusións, procédese a distinguir tres subparcelas (2 a, 2b e 2c), modificándose a súa delimitación e superficie de acordo co indicado na consideración sexta.

2 a.....183 m²
2b.....1433 m²
2c.....283 m²
TOTAL.....1899 m²

Parcela 4: Considérase acreditada a súa titularidade a favor do Concello de Santiago.

Parcelas 7 e 12: Concrétase a identificación dos titulares expropiados (HERDEIROS DE JOSEFA MATO PEREIRA) segundo a documentación que consta achegada ao expediente¹, como de seguido se indica:

1/3 (**33,34 %**) **MARIA DEL MAR GARCÍA PONTE** (DI 33298414 A), como única herdeira de don JULIO GARCÍA MATO.

2/3 (**66,66%**) **HERDEIROS DE PILAR GARCÍA MATO, que son:**

22,22% (**1/3**) **HROS DE JOSÉ MANUEL ANDRADE GARCÍA E DE JOSÉ ANDRADE BARRAL:**

MARIANA PEREZ ANDRADE (DI 45872575H)

SIMÓN SCHORER ANDRADE (DI 51269144M)

PILAR ANDRADE GARCÍA (DI 33255107M)

M^a JOSÉ ANDRADE GARCÍA (DI 33256150J)

ANA ANDRADE GARCÍA (DI 33263864E)

MARGARITA ANDRADE GARCÍA (DI 33272443E)

JULIO ANDRADE GARCÍA (DI 33258457C)

MERCEDES ANDRADE GARCÍA (DI 33297737Q)

44,44% (**2/3**)

HROS DE JOSÉ MANUEL ANDRADE GARCÍA E DE JOSÉ ANDRADE BARRAL (segundo constan identificados no parágrafo anterior)

PILAR ANDRADE GARCÍA (DI 33255107M)

M^a JOSÉ ANDRADE GARCÍA (DI 33256150J)

ANA ANDRADE GARCÍA (DI 33263864E)

MARGARITA ANDRADE GARCÍA (DI 33272443E)

JULIO ANDRADE GARCÍA (DI 33258457C)

MERCEDES ANDRADE GARCÍA (DI 33297737Q)

Parcela 8 (Alberto García Cepeda): A resultas do cambio introducido na delimitación das parcelas 2 e 8, a parcela 8 queda cunha superficie afectada de 1765 m²

Parcela 14 (Hros de Carmen Martínez Sendé): Concrétase a identificación dos titulares expropiados segundo a documentación que consta achegada ao expediente, como de seguido se indica:

JOSÉ LUIS GUERRA MARTÍNEZ (DI 33227264S)
MANUELA GUERRA MARTÍNEZ (DI 33210872E)

Parcela 15 (Hros de Santiago Mariño Fraga). Amplíase a superficie afectada, incorporando o resto antieconómico solicitado polo interesado, resultando unha superficie total a expropiar de 123 m²

Por outra banda, e segundo a documentación achegada ao expediente polos interesados, concrétase a identificación dos titulares como de seguido se indica:

MARIA VICTORIA MARIÑO CODESIDO (DI 33113531V)

JOSÉ MARIÑO CODESIDO (DI 33148038R)

SEGUNDO. Aprobar o plano parcelario modificado no que se incorporan as rectificacións sinaladas.

TERCEIRO. Formular as follas de xustiprezo da administración, engadindo o 5% do premio de afección á taxación do proxecto aprobado o 15.02.2018, e incorporando os novos datos de superficie que para as parcelas 8 e 15 resultan do indicado no apartado anterior.

CUARTO. Desconsignar a cantidade depositada pola parcela 4 (585,19 euros), ao terse acreditado a súa titularidade a favor do Concello de Santiago.”

Xa que logo a vista dos informes propostas transcritos, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión do 4 de abril do corrente ano e o informe de intervención núm. 233/1999, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras correspondentes aos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes modificacións na relación de bens e titulares afectados polo Proxecto técnico de expropiación da Estación Intermodal, fase 1:

Parcela 2 (Concello de Santiago): Ao se tratar dunha superficie descontínua, e para evitar confusións, procédese a distinguir tres subparcelas (2 a, 2b e 2c), modificándose a súa delimitación e superficie de acordo co indicado na consideración sexta.

2 a..... 183 m²
2b.....1433 m²
2c..... 283 m²
TOTAL.....1899 m²

Parcela 4: Considérase acreditada a súa titularidade a favor do Concello de Santiago.

Parcelas 7 e 12: Concrétase a identificación dos titulares expropiados (HERDEIROS DE JOSEFA MATO PEREIRA) segundo a documentación que consta achegada ao expediente¹, como de seguido se indica:

- 1/3 (33,34 %) **MARIA DEL MAR GARCÍA PONTE** (DI 33298414 A), como única herdeira de don JULIO GARCÍA MATO.

- 2/3 (66,66%) **HERDEIROS DE PILAR GARCÍA MATO, que son:**

22,22% (1/3) HROS DE JOSÉ MANUEL ANDRADE GARCÍA E DE JOSÉ ANDRADE BARRAL:

MARIANA PEREZ ANDRADE (DI 45872575H)

SIMÓN SCHORER ANDRADE (DI 51269144M)

PILAR ANDRADE GARCÍA (DI 33255107M)

Mª JOSÉ ANDRADE GARCÍA (DI 33256150J)

ANA ANDRADE GARCÍA (DI 33263864E)

MARGARITA ANDRADE GARCÍA (DI 33272443E)

JULIO ANDRADE GARCÍA (DI 33258457C)

MERCEDES ANDRADE GARCÍA (DI 33297737Q)

- 44,4% (2/3)

HROS DE JOSÉ MANUEL ANDRADE GARCÍA E DE JOSÉ ANDRADE BARRAL (segundo constan identificados no parágrafo anterior)

PILAR ANDRADE GARCÍA (DI 33255107M)

Mª JOSÉ ANDRADE GARCÍA (DI 33256150J)

ANA ANDRADE GARCÍA (DI 33263864E)

MARGARITA ANDRADE GARCÍA (DI 33272443E)

JULIO ANDRADE GARCÍA (DI 33258457C)
MERCEDES ANDRADE GARCÍA (DI 33297737Q)

Parcela 8 (Alberto García Cepeda): A resultas do cambio introducido na delimitación das parcelas 2 e 8, a parcela 8 queda cunha superficie afectada de 1765 m².

Parcela 14 (Hros de Carmen Martínez Sende): Concrétase a identificación dos titulares expropiados segundo a documentación que consta achegada ao expediente, como de seguido se indica:

JOSÉ LUIS GUERRA MARTÍNEZ (DI 33227264S)
MANUELA GUERRA MARTÍNEZ (DI 33210872E)

Parcela 15 (Hros de Santiago Mariño Fraga). Amplíase a superficie afectada, incorporando o resto antieconómico solicitado polo interesado, resultando unha superficie total a expropiar de 123 m²

Por outra banda, e segundo a documentación achegada ao expediente polos interesados, concrétase a identificación dos titulares como de seguido se indica:

MARIA VICTORIA MARIÑO CODESIDO (DI 33113531V)
JOSÉ MARIÑO CODESIDO (DI 33148038R)

SEGUNDO: Aprobar o plano parcelario modificado no que se incorporan as rectificacións sinaladas.

TERCEIRO: Formular as follas de xustiprezo da administración, engadindo o 5% do premio de afección á taxación do proxecto aprobado o 15.02.2018, e incorporando os novos datos de superficie que para as parcelas 8 e 15 resultan do indicado no apartado anterior.

CUARTO: Desconsignar a cantidade depositada pola parcela 4 (585,19 euros), ao terse acreditado a súa titularidade a favor do Concello de Santiago.

10. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 3.16, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

A proposta da concelleira delegada de economía de data 29 de marzo do corrente ano, en relación coa modificación da ordenanza 3.16, ten o seguinte contido:

“No DOG nº 16, do 23.01.2019, a Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda da Xunta de Galicia publicou a resolución do 15.01.2019 pola que fai público o importe

do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para dito ano.

A antedita resolución acorda facer público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o ano 2019 que fixa na suma de 69,83 €/tonelada xestionada, máis o IVE correspondente, e establecer e facer pública unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10 % da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018. Desta forma, o canon bonificado establécese en 62,93 €/tonelada xestionada, máis o IVE correspondente.

O devandito canon bonificado será aplicable ás entidades locais que cumpran as condicións específicas establecidas da disposición adicional 21ª.3.bis da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o no 2014, que dispón que para poder beneficiarse de dita bonificación, as entidades locais deben presentar a súa solicitude perante a sociedade antes de que transcorra un mes dende a súa publicación, achegando unha declaración na que se comprometa a adoptar as medidas para poder trasladarlle, con efectos económicos dende 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida, tratamento e eliminación de residuos urbanos, así como a procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento do reciclaxe dos envases lixeiros.

Trasladada esta cuestión ao Servizo de Tesourería para o seu estudo, o 31 de xaneiro do 2019 o Sr. Tesoureiro e a Sra. Vicetesoureira municipais emiten un informe no que propoñen unha opción que permite cumprir cos requisitos esixidos para acollerse á citada bonificación.

Con data 11 de febreiro de 2019 iniciouse o expediente 2019/01 de modificación da ordenanza fiscal 3.16 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos.

Tendo en conta o informe de Tesourería de 31 de xaneiro de 2019, e con data 11 de febreiro de 2019 propónse a aprobación da modificación da ordenanza fiscal 3.16 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos mediante a incorporación dunha disposición adicional coa seguinte redacción:

“Disposición adicional:

Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 5.1 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon.

A Xunta de Goberno Local, previo informe do servizo responsable da recollida de lixo, determinará:

1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia da bonificación.
2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1.
3. O bimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.”

A proposta foi informada por Tesourería con data 18 de febreiro de 2019, con data 6 de marzo de 2019 por Asesoría Xurídica e con data 8 de marzo de 2019 por Intervención.

Tendo en conta as consideracións do informe de Intervención solicitouse novo informe a Tesourería, que consta asinado con data 15 de marzo de 2019; e ao Vicesecretario, que o asina o 27 de marzo de 2019.

